

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

É importante aforrar enerxía porque o seu uso causa problemas ao medio natural. A regra dos tres erres indica que, como os residuos tamén prexudican o medio natural, hai que tratar de reducilos, reutilizalos e facilitar a súa reciclaxe.

1 Sinala as medidas que todos podemos adoptar para reducir o consumo de enerxía.

- Usar lámpadas de filamento.
- Controlar a temperatura da neveira.
- Desprazarse o menos posible.
- Pór a lavadora soamente cando estea chea.
- Utilizar o transporte público sempre que poidamos.
- Usar lámpadas de baixo consumo ou LED.
- Controlar a temperatura da calefacción e o aire acondicionado.
- No deixar a neveira aberta innecesariamente.
- Inventar aparellos que gasten menos enerxía.
- Apagar as luces cando non precisemos telas acendidas.



2 Explica que significa «promover o uso de enerxías renovables».

3 Relaciona mediante frechas cada «R» da regra das tres erres co seu significado.

- | | |
|--------------|---|
| reutilizar • | • producir menos residuos. |
| reciclar • | • utilizar os residuos para fabricar novos materiais. |
| reducir • | • volver a darlles uso aos residuos. |